



2º CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL EN BOUZAS

“APERTAS DENDE A XANELA”

1º.- OBXETO.

Por segundo ano, a Asociación Cultural da Vila de Bouzas, organiza o Concurso de Decoración de Nadal en Bouzas.

Este ano hai unha novidade: non haberá premios para os participantes, pois a delicada situación económica dos negocios debido á pandemia, non nos permite pedirlle axuda económica. Máis ben, queremos ser nós, os veciños e veciñas os que nun acto solidario e sin que teñamos que recibir nada a cambio, adornemos as nosas fachadas e enviemos unha aperta navideña dende a xanela todas as persoas que viven ou visitan Bouzas.

O concurso vai dirixido a particulares e empresas residentes na Vila de Bouzas, cos seguintes obxetivos:

- Facer barrio, dinamizando a participación activa e a cooperación dos veciños e veciñas de Bouzas. O lema de “Apertas dende a xanela” ven sendo o lema dunhas festas navideñas baseadas na soliedaridade veciñal, amizade e ánimo para este nadal tan especial.
- Dinamizar o consumo nos comercios e negocios locais.
- Colaborar en infundir un ambiente de Nadal ilusionante en Bouzas, con decoracións sostibles, económicas, ecolóxicas e acolledoras.
- Recuperar tradicións, fomentando valores locais que queden expostos nas nosas fachadas.
- Fomentar o uso de materiais reciclables como recurso educativo para a cidadanía a través da transformación do espacio.
- Facer do Nadal en Bouzas un Nadal máis sinxelo, máis noso, máis entrañable e solidario.

2º.- PARTICIPANTES. Establécense dúas categorías:

a) Familiar.

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas que realicen seu montaxe decorativo no seu balcón, xanela. porta, fachada de casa ou xardín exterior.

b) Empresas.

Poderán participar os comercios, locais de hostelería e servicios ou empresas privadas que decoren a fachada do seu negocio situado en Bouzas.

3º.- CONDICIÓN

3.1- As decoracións deberán ser visibles dende a rúa, e non poderán supoñer ningún perigo para a vía pública, debendo terse en conta as posibles inclemencias metereolóxicas.



3.2- A decoración terá que ter relación coa Festa de Nadal e os motivos tradicionais da mesma.

3.3- A montaxe e desmontaxe dos elementos decorativos serán realizadas por cada participante e deberán permanecer expostos como mínimo do 20/12/2020 ao 07/01/2021.

3.4- Os participantes ceden o dereito de imaxe da súa decoración á Asociación Cultural de Vila de Bouzas e autorizan á súa difusión.

3.5.- O ámbito e o encuadrado dentro do término municipal de Bouzas (Vigo).

4º.- PROCEDEMENTO: INSCRIPCIÓN, ENVÍO, VOTACIÓNS.

ATA O 20/12/2020.- Os participantes interesados no Concurso deberán realizar unha fotografía da fachada da súa vivenda ou negocio e enviala á Asociación Cultural da Vila de Bouzas da seguinte maneira:

- Mensaxe ao Facebook Asociación Cultural Vila De Bouzas, ou
- Mail: ac.viladebouzas@gmail.com

O Participante deberá facilitar un teléfono de contacto para que a Asociación poda chamarlle e confirmar a súa participación e a dirección da decoración.

O 21/12/2020 a Asociación Cultural da Vila de Bouzas publicará no seu Facebook Asociación Cultural Vila De Bouzas a foto de cada fachada e de cada escaparate participante no Concurso.

DO 21/12/2020 AO 07/01/2021 serán as votacións dos cidadáns, a través de “me gusta” na foto publicada no Facebook da Asociación Cultural Vila De Bouzas. Únicamente se computarán os “me gusta” dados na propia páxina da Asociación Cultural Vila de Bouzas, e non se terán en conta os “me gusta” dados en outras páxinas ou lugares compartidos.

O 08/01/2021 comunicárase no Facebook Asociación Cultural Vila De Bouzas as fotos ganadoras, dependendo do maior número de “me gusta” recibidos. No caso de empate, a Asociación Cultural da Vila de Bouzas poderá ter un voto de gracia, valorando a utilización de materiais reciclables e de fomento dos valores locais.

5º.- RECOÑECIMENTOS.

Diplomas aos participantes e unha enorme aperta e agradecemento pola súa participación e por facer do Nadal de Bouzas un nadal distinto, agarimoso e solidario.